



# DE DONIÑOS A SAN XURXO

Adela Leiro, Mon Daporta  
xullo 2018



**Distancia:** 5 a 7 km (circular)

**Dificultade:** baixa

## Cantís e vistas panorámicas na costa exterior de Ferrol

O camiño que une, ou a distancia que separa, estas dúas praias emblemáticas da costa de Ferrol, rodea o monte de San Xurxo e pode ser unha desculpa para un agradable paseo que se pode facer case en liña recta por estrada (uns 5 km ida e volta) -un tramo da beira da estrada está acondicionado e uns 300 m máis adiante deixámola, para evitar o tráfico, e camiñamos polo interior da Vila da Area ata a praia de San Xurxo- ou rodeando o monte pola beira do mar (algo máis de 7 km) no que ademais da camiñada podemos gozar da contorna dun espazo natural protexido dentro do LIC Costa Ártabra, fermosas panorámicas e lugares de interese, e dar a volta polo monte (outros 3 km) para volver ao punto de partida.

### PERCORRIDO

Saíndo do aparcamento da praia de Doniños, cara ao norte, subimos ao cantil da Parede, unha sucesión de entrantes e saíntes, de paredes recortadas, furnas, pedras soltas e coídos que van gañando altura ata o castro de Lobadiz, un asentamento no que se aprecian con claridade os valados defensivos que protexían a entrada, e logo, ao seu pé, o portiño e a praia de Lobadiz. Rodeándoa chegamos á punta Lavadoiro onde se atopa o miradoiro das illas Gabeiras, punto panorámico desde o que se abrangue a cidade da Coruña e a Costa da Morte, e de volta no camiño máis costa alta e recortada na que baten as ondas, da que sobresaen os Guilleiros, ata chegar á Punta Herbosa, na que temos de fronte a illa Herbosa e o cabo Prior, onde cambiamos de dirección e gañamos altura para descubrir, detrás da punta de San Xurxo, os 2 km de praia do mesmo nome, o seu sistema dunar e detrás del a lagoa case colmatada do Carregal. Baixamos ata o aparcadoiro e desde alí mesmo podemos coller un carreiro que sube ao monte ata chegar a un camiño polo que subimos un case nada para desviarnos á esquerda e seguir o máis dereito que nos sexa posible, hai camiños marcados, ata a parte alta de Lobadiz e o punto de partida.



Vista de Doniños desde os cantís da punta do Castro






Punta da Parede



Punta do Castro de Lobadiz. Conserva a estrutura dun castro e desde ela hai espléndidas vistas panorámicas da costa.



Punta do Castro, faro e illas Gabeiras



Portiño e praia de Lobadiz



Vista da enseada e castro de Lobadiz






Punta Lavadoiro e illas Gabeiras



Punta Lavadoiro e illas Gabeiras



Os Guilleiros



Punta e illa Herbosa